

O dito real decreto, no seu artigo 2, detalla as características técnicas dos buques autorizados para o exercicio da citada modalidade nas catro zonas en que se encontra dividido o caladoiro nacional.

Estas dimensións, no entanto, non se adecuan ás características reais da frota de cerco que navega no caladoiro do Cantábrico e Noroeste, xa que existen numerosas embarcacións que pescan neste caladoiro cunha eslora inferior á que establece o citado real decreto.

Por iso, procede mediante este real decreto modificar a eslora mínima dos buques pertencentes á frota de cerco do caladoiro do Cantábrico e Noroeste. Esta modificación afecta unicamente o artigo 2.1.a) do Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, ben que, para facilitar o seu encadramento na norma modificada, se reproduce o resto do artigo 2 do dito real decreto, que permanece inalterado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas interesadas, así como os sectores afectados.

Así mesmo, cumpriuse o trámite de información á Comisión Europea, previsto no artigo 46.2 do Regulamento (CE) n. 850/98 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros, a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira de cerco.*

O artigo 2 do Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira de cerco, modifícase nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Características técnicas dos buques.*

1. Os buques autorizados para o exercicio da pesca de cerco nas diferentes zonas do caladoiro nacional deberán ter a eslora mínima seguinte:

a) Caladoiro do Cantábrico e Noroeste: nove metros de eslora entre perpendiculares, ou 11 metros de eslora total.

b) Caladoiro do Mediterráneo: nove metros de eslora total.

c) Caladoiro do golfo de Cádiz: nove metros de eslora entre perpendiculares, ou 11 metros de eslora total.

d) Caladoiro de Canarias: nove metros de eslora entre perpendiculares, ou 11 metros de eslora total.

2. No caladoiro do Mediterráneo a potencia máxima propulsora dos buques de cerco non será superior a 450 cabalos de vapor.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e dítase ao amparo do artigo 149.1.19. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19311 *REAL DECRETO 2177/2004, do 12 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo, en materia de traballos temporais en altura. («BOE» 274, do 13-11-2004.)*

A Directiva 89/655/CEE do Consello, do 30 de novembro de 1989, modificada pola Directiva 95/63/CE do Consello, do 5 de decembro de 1995, estableceu as disposicións mínimas de seguranza e de saúde para a utilización polos traballadores no traballo dos equipamentos de traballo. Ambas as directivas foron incorporadas ao dereito español mediante o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo.

Posteriormente, foi aprobada a Directiva 2001/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, pola que se modifica a Directiva 89/655/CEE.

Mediante este real decreto procédese á incorporación ao dereito español do contido da Directiva 2001/45/CE, para o que resulta necesario modificar o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo.

No seu artigo único preséntanse as modificacións que se introducen no Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo.

A primeira modificación, mediante a que se lle dá unha nova redacción ao punto 6 do número 1 do anexo I ten por obxecto introducir disposicións específicas aplicables ás escadas, ás estadas e aos sistemas utilizados nas técnicas de acceso e posicionamento mediante cordas, comunmente coñecidos como «traballos verticais».

Mediante a segunda modificación, introdúcese un novo número 4 no anexo II, no cal se inclúen disposicións relativas á utilización dos equipamentos de traballo para a realización de traballos temporais en altura.

Mediante a terceira modificación, engádese un novo parágrafo á disposición derogatoria única, de maneira que resultan expresamente derogadas determinadas disposicións incluídas en varias normas e referidas fundamentalmente ás estadas.

Por medio da disposición adicional única especificase que o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo modificará a guía técnica relativa a equipamentos de traballo e desenvolverá os criterios técnicos adecuados para a montaxe, utilización e desmontaxe de estadas.

As disposicións derradeiras primeira e segunda modifican dúas normas, o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen disposicións mínimas de seguranza e saúde nos lugares de traballo, e o Real decreto

1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, co obxecto de axustaren o seu contido ao disposto por este real decreto. Por último, a disposición derradeira terceira reconece o carácter de lexislación laboral e de norma básica da regulación contida no real decreto.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e oíuse a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, sobre disposicións mínimas de seguranza e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo.*

O Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, sobre disposicións mínimas de seguranza e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1.6 do anexo I, «Disposicións mínimas aplicables aos equipamentos de traballo», queda redactado do seguinte modo:

«6. Se for necesario para a seguranza ou saúde dos traballadores, os equipamentos de traballo e os seus elementos deberán estar estabilizados por fixación ou por outros medios. Os equipamentos de traballo cuxa utilización prevista requira que os traballadores se sitúen sobre eles, deberán dispoñer dos medios adecuados para garantir que o acceso e permanencia neses equipamentos non supoña un risco para a súa seguranza e saúde. En particular, salvo no caso das escadas e dos sistemas utilizados nas técnicas de acceso e posicionamento mediante cordas, cando exista un risco de caída de altura de máis de dous metros, os equipamentos de traballo deberán dispor de varandas ou de calquera outro sistema de protección colectiva que proporcione unha seguranza equivalente. As varandas deberán ser resistentes, dunha altura mínima de 90 centímetros e, cando sexa necesario para impediren o paso ou escorregada dos traballadores ou para evitaren a caída de obxectos, disporán, respectivamente, dunha protección intermedia e dun rodapé.

As escadas, as estadas e os sistemas utilizados nas técnicas de acceso e posicionamento mediante cordas deberán ter a resistencia e os elementos necesarios de apoio ou suxeición, ou ambos, para que a súa utilización nas condicións para as cales foron deseñados non supoña un risco de caída por rotura ou desprazamento. En particular, as escadas de tesoiras disporán de elementos de seguranza que impidan a súa apertura ao seren utilizadas.»

Dous. Introdúcese un novo número 4 no anexo II, «Disposicións relativas á utilización dos equipamentos de traballo», cuxo texto se insire como anexo deste real decreto, en que se inclúen disposicións relativas á utilización dos equipamentos de traballo para a realización de traballos temporais en altura.

Tres. Engádese un novo parágrafo á disposición derogatoria única, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, quedan derogados expresamente:

a) O capítulo VII do Regulamento de seguranza e hixiene no traballo, aprobado pola orde do 31 de xaneiro de 1940.

b) O capítulo III do Regulamento de seguranza do traballo na industria da construción e obras públicas, aprobado pola Orde do 20 de maio de 1952.»

Disposición adicional única. *Guía técnica.*

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo incluírá as modificacións precisas na Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos equipamentos de traballo, co obxecto de adaptala ás modificacións introducidas por este real decreto e mantela actualizada. En particular, o citado instituto incluírá os criterios técnicos adecuados tanto para a montaxe, utilización e desmontaxe de estadas, como para a realización das técnicas de acceso e posicionamento mediante cordas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nos lugares de traballo.*

Modifícase o punto A.9 do anexo I do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nos lugares de traballo, que queda redactado do seguinte modo:

«9. As escadas dos lugares de traballo deberán axustar ao establecido na súa normativa específica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción.*

Modifícase o punto C.5 do anexo IV do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Estadas e escadas.

a) As estadas, así como as súas plataformas, pasarelas e escadas, deberán axustar ao establecido na súa normativa específica.

b) As escadas dos lugares de traballo deberán axustar ao establecido na súa normativa específica.»

Disposición derradeira terceira. *Fundamento constitucional.*

1. De acordo co disposto no número 1 da disposición adicional terceira da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, este real decreto constitúe lexislación laboral, ditada ao amparo do artigo 149.1.7. da Constitución.

2. De acordo co previsto no número 2 da disposición adicional terceira da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, este real decreto constitúe norma básica respecto do persoal civil con relación de carácter administrativo ou estatutario ao servizo das

administracións públicas, ditada ao amparo do artigo 149.1.18. da Constitución.

Dado en Madrid o 12 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

«4. Disposicións relativas á utilización dos equipamentos de traballo para a realización de traballos temporais en altura.

4.1 Disposicións xerais.

4.1.1 Se, en aplicación do disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en concreto, nos seus artigos 15, 16 e 17, e no artigo 3 deste real decreto, non se poden efectuar traballos temporais en altura de maneira segura e en condicións ergonómicas aceptables desde unha superficie adecuada, elixiranse os equipamentos de traballo máis apropiados para garantir e manter unhas condicións de traballo seguras, tendo en conta, en particular, que se deberá dar prioridade ás medidas de protección colectiva fronte ás medidas de protección individual e que a elección non se poderá subordinar a criterios económicos. As dimensións dos equipamentos de traballo deberán estar adaptadas á natureza do traballo e ás dificultades previsibles e deberán permitir unha circulación sen perigo.

A elección do tipo máis conveniente de medio de acceso aos postos de traballo temporal en altura deberáse efectuar en función da frecuencia de circulación, a altura a que se deba subir e a duración da utilización. A elección efectuada deberá permitir a evacuación en caso de perigo inminente. O paso en ambas as direccións entre o medio de acceso e as plataformas, taboleiros ou pasarelas non deberá aumentar o risco de caída.

4.1.2 A utilización dunha escada como posto de traballo en altura deberáse limitar ás circunstancias en que, tendo en conta o disposto no número 4.1.1, a utilización doutros equipamentos de traballo máis seguros non estea xustificada polo baixo nivel de risco e polas características dos emprazamentos que o empresario non poida modificar.

4.1.3 A utilización das técnicas de acceso e de posicionamento mediante cordas limitarase a circunstancias nas cales a avaliación do risco indique que o traballo se pode executar de maneira segura e nas cales, ademais, a utilización doutro equipamento de traballo máis seguro non estea xustificada.

Tendo en conta a avaliación do risco e, especialmente, en función da duración do traballo e das exixencias de carácter ergonómico, deberáse facilitar un asento provisto dos accesorios apropiados.

4.1.4 Dependendo do tipo de equipamento de traballo elixido de acordo cos puntos anteriores, determinaranse as medidas adecuadas para reducir o máximo os riscos inherentes a este tipo de equipamento para os traballadores. En caso necesario, deberáse prever a instalación duns dispositivos de protección contra caídas. Os ditos dispositivos deberán ter unha configuración e unha resistencia adecuadas para previr ou deter as caídas de altura e, na medida do posible, evitar as lesións dos traballadores. Os dispositivos de protección colectiva contra caídas só se poderán interromper nos puntos de acceso a unha escaleira ou a unha escada.

4.1.5 Cando o acceso ao equipamento de traballo ou a execución dunha tarefa particular exixa a retirada temporal dun dispositivo de protección colectiva contra caídas, deberánse prever medidas compensatorias e efica-

ces de seguranza, que se especificarán na planificación da actividade preventiva. Non se poderá executar o traballo sen a adopción previa das ditas medidas. Unha vez concluído este traballo particular, xa sexa de forma definitiva ou temporal, volveranse colocar no seu lugar os dispositivos de protección colectiva contra caídas.

4.1.6 Os traballos temporais en altura só se poderán efectuar cando as condicións meteorolóxicas non poñan en perigo a saúde e a seguranza dos traballadores.

4.2 Disposicións específicas sobre a utilización de escadas.

4.2.1 As escadas colocaranse de forma que a súa estabilidade durante a súa utilización estea asegurada. Os puntos de apoio das escadas deberán asentarse solidamente sobre un soporte de dimensións adecuadas e estable, resistente e inmóbil, de forma que os banzos queden en posición horizontal. As escadas suspendidas fixaranse de forma segura e, excepto as de corda, de maneira que non se poidan desprazar e se eviten os movementos de balanceo.

4.2.2 Impedirase a escorregadura dos pés das escadas durante a súa utilización xa sexa mediante a fixación da parte superior ou inferior dos traveseiros, xa sexa mediante calquera dispositivo antiescorregante ou calquera outra solución de eficacia equivalente. As escadas para fins de acceso deberán ter a lonxitude necesaria para sobresaír polo menos un metro do plano de traballo a que se accede. As escadas compostas de varios elementos adaptables ou extensibles deberán utilizar de forma que a inmovilización recíproca dos distintos elementos estea asegurada. As escadas con rodas deberán ter inmovilizadas antes de acceder a elas. As escadas simples colocaranse, na medida do posible, formando un ángulo aproximado de 75 graos coa horizontal.

4.2.3 O ascenso, o descenso e os traballos desde escadas efectuaranse de fronte a estas. As escadas deberán utilizar de forma que os traballadores poidan ter en todo momento un punto de apoio e de suxeición seguros. Os traballos a máis de 3,5 metros de altura, desde o punto de operación ao chan, que requiran movementos ou esforzos perigosos para a estabilidade do traballador, só se efectuarán se se utiliza un equipamento de protección individual anticaídas ou se adoptan outras medidas de protección alternativas. O transporte á man dunha carga por unha escada farase de modo que iso non impida unha suxeición segura. Prohíbese o transporte e manipulación de cargas por ou desde escadas cando polo seu peso ou dimensións poidan comprometer a seguranza do traballador. As escadas non serán utilizadas por dúas ou máis persoas simultaneamente.

4.2.4 Non se empregarán escadas e, en particular, escadas de máis de cinco metros de lonxitude, sobre cuxa resistencia non se teñan garantías. Queda prohibido o uso de escadas de construción improvisada.

4.2.5 As escadas revisaranse periodicamente. Prohíbese a utilización de escadas de madeira pintadas, pola dificultade que iso supón para a detección dos seus posibles defectos.

4.3 Disposicións específicas relativas á utilización das estadas.

4.3.1 As estadas deberán proxectarse, montarse e manterse convenientemente de maneira que se evite que se esboreen ou se despracen accidentalmente. As plataformas de traballo, as pasarelas e as escadas das estadas deberán construírse, dimensionarse, protexer e utilizar de forma que se evite que as persoas caian ou estean expostas a caídas de obxectos. Para tal efecto, as súas medidas axustaranse ao número de traballadores que as vaian utilizar.

4.3.2 Cando non se dispoña da nota de cálculo da estada elixida, ou cando as configuracións estruturais previstas non estean recollidas nela, deberase efectuar un cálculo de resistencia e estabilidade, a menos que a estada estea montada segundo unha configuración-tipo xeralmente recoñecida.

4.3.3 En función da complexidade da estada elixida, deberase elaborar un plan de montaxe, de utilización e de desmontaxe. Este plan e o cálculo a que se refire o punto anterior deberán ser realizados por unha persoa cunha formación universitaria que o habilite para a realización destas actividades. Este plan poderá adoptar a forma dun plan de aplicación xeneralizada, completado con elementos correspondentes aos detalles específicos da estada de que se trate.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, o plan de montaxe, de utilización e de desmontaxe será obrigatorio nos seguintes tipos de estadas:

a) Plataformas suspendidas de nivel variable (de accionamento manual ou motorizadas), instaladas temporalmente sobre un edificio ou unha estrutura para tarefas específicas, e plataformas elevadoras sobre mastro.

b) Estadas constituídas con elementos prefabricados apoiados sobre terreo natural, soleiras de formigón, forxados, beirís ou outros elementos cuxa altura, desde o nivel inferior de apoio ata a coroación da estada, exceda os seis metros ou dispoñan de elementos horizontais que salven voos e distancias superiores entre apoios de máis de oito metros. Exceptúanse as estadas de cabaletes ou burros.

c) Estadas instaladas no exterior, sobre azoteas, cúpulas, tellados ou estruturas superiores cuxa distancia entre o nivel de apoio e o nivel do terreo ou do solo exceda os 24 metros de altura.

d) Torres de acceso e torres de traballo móbiles nas cales os traballos se efectúen a máis de seis metros de altura desde o punto de operación ata o chan.

No entanto, cando se trate de estadas que, malia estaren incluídas entre as anteriormente citadas, dispoñan da marcade "009CE", por serlles de aplicación unha normativa específica en materia de comercialización, o citado plan poderá ser substituído polas instrucións específicas do fabricante, provedor ou subministrador, sobre a montaxe, a utilización e a desmontaxe dos equipamentos, salvo que estas operacións se realicen de forma ou en condicións ou circunstancias non previstas nas ditas instrucións.

4.3.4 Os elementos de apoio dunha estada deberán estar protexidos contra o risco de escorregadura, xa sexa mediante suxeición na superficie de apoio, xa sexa mediante un dispositivo antiescorregante, ou ben mediante calquera outra solución de eficacia equivalente, e a superficie portante deberá ter unha capacidade suficiente. Deberase garantir a estabilidade da estada. Deberase impedir mediante dispositivos adecuados o desprazamento inesperado das estadas móbiles durante os traballos en altura.

4.3.5 As dimensións, a forma e a disposición das plataformas dunha estada deberán ser apropiadas para o tipo de traballo que se vaia realizar, ser adecuadas ás cargas que teñan que soportar e permitir que se traballe e circule nelas con seguranza. As plataformas das estadas montaranse de tal forma que os seus compoñentes non se despracen nunha utilización normal deles. Non deberá existir ningún baleiro perigoso entre os compoñentes das plataformas e os dispositivos verticais de protección colectiva contra caídas.

4.3.6 Cando algunhas partes dunha estada non estean listas para a súa utilización, en particular durante a montaxe, a desmontaxe ou as transformacións, as ditas partes deberán contar con sinais de advertencia de perigo xeral, de acordo co Real decreto 485/1997, do 14 de abril,

sobre sinalización de seguranza e saúde no centro de traballo, e delimitadas convenientemente mediante elementos físicos que impidan o acceso á zona de perigo.

4.3.7 As estadas só poderán ser montadas, desmontadas ou modificadas substancialmente baixo a dirección dunha persoa cunha formación universitaria ou profesional que o habilite para iso, e por traballadores que recibisen unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, que lles permita enfrontarse a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5, destinada en particular:

a) Á comprensión do plan de montaxe, desmontaxe ou transformación da estada de que se trate.

b) Á seguranza durante a montaxe, a desmontaxe ou a transformación da estada de que se trate.

c) Ás medidas de prevención de riscos de caída de persoas ou de obxectos.

d) Ás medidas de seguranza en caso de cambio das condicións meteorolóxicas que puidesen afectar negativamente a seguranza da estada de que se trate.

e) Ás condicións de carga admisible.

f) A calquera outro risco que entrañen as mencionadas operacións de montaxe, desmontaxe e transformación.

Tanto os traballadores afectados como a persoa que supervise disporán do plan de montaxe e desmontaxe mencionado no punto 4.3.3, incluíndo calquera instrución que puidese conter.

Cando, de conformidade co punto 4.3.3, non sexa necesaria a elaboración dun plan de montaxe, utilización e desmontaxe, as operacións previstas neste punto poderán tamén ser dirixidas por unha persoa que dispoña dunha experiencia certificada polo empresario nesta materia de máis de dous anos e conte coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións de nivel básico, conforme o previsto no número 1 do artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

4.3.8 As estadas deberán ser inspeccionadas por unha persoa cunha formación universitaria ou profesional que o habilite para iso:

a) Antes da súa posta en servizo.

b) A continuación, periodicamente.

c) Tras calquera modificación, período de non-utilización, exposición á intemperie, sacudidas sísmicas, ou calquera outra circunstancia que puidese afectar a súa resistencia ou a súa estabilidade.

Cando, de conformidade co punto 4.3.3, non sexa necesaria a elaboración dun plan de montaxe, utilización e desmontaxe, as operacións previstas neste punto poderán tamén ser dirixidas por unha persoa que dispoña dunha experiencia certificada polo empresario nesta materia de máis de dous anos e conte coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións de nivel básico, conforme o previsto no número 1 do artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

4.4 Disposicións específicas sobre a utilización das técnicas de acceso e de posicionamento mediante cordas.

4.4.1 A utilización das técnicas de acceso e de posicionamento mediante cordas cumprirá as seguintes condicións:

a) O sistema constará como mínimo de dúas cordas con suxeición independente, unha como medio de acceso, de descenso e de apoio (corda de traballo) e a outra como medio de emerxencia (corda de seguranza).

b) Facilitaráselles aos traballadores uns arneses adecuados, que deberán utilizar e conectar á corda de seguranza.

c) A corda de traballo estará equipada cun mecanismo seguro de ascenso e descenso e disporá dun sistema de bloqueo automático co fin de impedir a caída en caso de que o usuario perda o control do seu movemento. A corda de seguranza estará equipada cun dispositivo móbil contra caídas que siga os desprazamentos do traballador.

d) As ferramentas e demais accesorios que deba utilizar o traballador deberán estar suxeitos ao arnés ou ao asento do traballador ou suxeitos por outros medios adecuados.

e) O traballo deberase planificar e supervisar correctamente, de maneira que, en caso de emerxencia, se poida socorrer inmediatamente o traballador.

f) De acordo coas disposicións do artigo 5, impartiráselles aos traballadores afectados unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, destinada, en particular:

1. Ás técnicas para a progresión mediante cordas e sobre estruturas.
2. Aos sistemas de suxeición.
3. Aos sistemas anticaídas.
4. Ás normas sobre o coidado, mantemento e verificación do equipamento de traballo e de seguranza.
5. Ás técnicas de salvamento de persoas accidentadas en suspensión.
6. Ás medidas de seguranza ante condicións meteorolóxicas que poidan afectar a seguranza.
7. Ás técnicas seguras de manipulación de cargas en altura.

4.4.2 En circunstancias excepcionais en que, tendo en conta a avaliación do risco, a utilización dunha segunda corda faga máis perigoso o traballo, poderase admitir a utilización dunha soa corda, sempre que se xustifiquen as razóns técnicas que o motiven e se tomen as medidas adecuadas para garantir a seguranza.»

19312 *REAL DECRETO 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando.* («BOE» 274, do 13-11-2004.)

Os residuos que deixan na carne e outros produtos de orixe animal algunhas substancias de efecto tireostático e de efecto estroxénico, androxénico ou xestáxeno poden ser perigosos para os consumidores e poden tamén afectar a calidade dos produtos alimenticios de orixe animal.

Ante esta realidade, a Comunidade Europea decidiu prohibir determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático coa promulgación da Directiva 81/602/CEE do Consello, do 31 de xullo de 1981, recollida no Real decreto 378/1984, do 25 de xaneiro, sobre substancias de acción antitiroidea e de acción hormonal. Esta normativa foi derogada polo Real decreto 1423/1987, do 22 de novembro, polo que se dan normas sobre substancias de acción hormonal e tireostática de uso nos animais, que traspoñía as Directivas 85/358/CEE do Consello, do 16 de xullo de 1985, e 85/649/CEE do Consello, do 31 de decembro de 1985.

Posteriormente, o Real decreto 570/1990, do 27 de abril, relativo ao intercambio de animais tratados con determinadas substancias de efecto hormonal e a súa carne, ao traspoñer a Directiva 88/299/CEE do Consello, do 17 de maio de 1988, estableceu a autorización de excepcións respecto aos intercambios intracomunitarios e á importación procedente de países terceiros de determinados animais que

fosen tratados con substancias hormonais, así como das carnes procedentes destes animais.

Tendo en conta que na cría de animais se utilizan ilegalmente substancias de efecto anabolizante, como as substancias beta-agonistas, estilbenos e tireostáticos, para estimular o crecemento e a produtividade dos animais, aprobouse a Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas na cría de gando e pola que se derrogan as Directivas 81/602/CEE, 88/146/CEE e 88/299/CEE, que foi incorporada mediante o Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando.

Con esta nova directiva prohibíase, en defensa da saúde pública e en interese do consumidor, a posesión, a administración, con fins anabolizantes, aos animais de todas as especies, e a posta no mercado, con este fin, das substancias beta-agonistas. Así mesmo, prohibíase a posesión, a administración aos animais de todas as especies e a posta no mercado de estilbenos e tireostáticos, e regulábase a utilización das demais substancias. Non obstante, a citada directiva establecía a posibilidade de autorizar a administración de medicamentos elaborados a base destas substancias, con fins terapéuticos ou zootécnicos perfectamente definidos.

Dentro deste marco, finalmente, a Directiva 2003/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro do 2003, modifica a Directiva 96/22/CE do Consello, pola que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas na cría de gando, polo que procede a súa incorporación ao noso ordenamento. Esta Directiva 2003/74/CE estableceu novas previsións para alcanzar o nivel desexado de protección sanitaria contra os residuos na carne dos animais de explotación tratados con certas hormonas para potenciar o crecemento, e respecta ao mesmo tempo os principios xerais da lexislación alimentaria establecidos no Regulamento (CE) n. 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e as obrigas internacionais da Comunidade.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan a aprobación dun novo real decreto, mediante o cal se incorpora ao noso ordenamento a Directiva 2003/74/CE, ao tempo que se recollen, ao derogarse o Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, as disposicións non modificadas da mencionada Directiva 96/22/CE, e se procede a actualizar a relación de normas conforme as que se establecen as infraccións e sancións que resultan de aplicación, coa inclusión da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e o Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados, e a informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10. e 16. da Constitución, polos que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, e de sanidade exterior, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación de produtos farmacéuticos, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,